

CORPO CELESTE

Alice Rohrwacher, 2011

1786

ESTREA EN NUMAX: 07.07.2026 | V.O.S.E. | 95 min

Tras pasar dez anos en Suíza, Marta, a súa nai e a súa irmá loitan a diario para integrarse en Reggio Calabria, unha cidade do sur de Italia dominada pola mafia. Aínda que Marta trata de familiarizarse coas paisaxes, sons e aromas da cidade, segue considerándose unha estranxeira. Está a piques de participar na cerimonia da Confirmación, pero choca coa áspera moral da comunidade católica local.

«Rohrwacher combina aspectos do neorrealismo coa poesía para crear a súa primeira fábula cinematográfica»

Marya E. Gates



O carácter natural do extraordinario

Por Belit Iago

A cineasta italiana Alice Rohrwacher presentou a súa ópera prima na Quincena de Realizadores de Cannes 2011, logrando unha admirable recepción por parte da crítica. Nela, Marta, interpretada por unha moza Yle Vianello, tamén presente n'*A quimera* (Alice Rohrwacher, 2023) como a espectral Beniamina, acábase de mudar a Reggio Calabria xunto á súa irmá e a súa nai tras pasar dez anos en Suíza. As clases de preparación para a Confirmación parecen o espazo idóneo para relacionarse con xente da súa idade, pero Marta, que se sente diferente ao resto, revela-se ante o dogma cristián esforzándose en descubrir o mundo por si mesma.

Dacabalo entre a infancia e a adolescencia, a moza de 12 anos aínda comparte cama coa nai, pero tamén a observamos usando o suxeitador da súa irmá maior ás agachadas, habitando o limbo entre estas dúas fases da mocidade. A súa actitude rebelde choca coa do resto de compañeiros, atentos ante a palabra de Santa, a muller que se encarga da catequese e que parece estar obsesionada, non só con Xesús, senón tamén co cura don Mario. O sacerdote, que simboliza aquí a decadencia eclesiástica, é un home triste e anoxado, máis preocupado por cobrar os alugueiros das súas propiedades que polo bo funcionamento da igrexa. A ansia de recoñecemento deixa á marxe as súas funcións como párroco: supervisar os preparativos do inminente evento e ir buscar un tradicional crucifixo á aldea veciña para substituír as luces de neón que iluminan o altar en forma de cruz. A súa incompetencia á hora de resolver os sinxelos labores que lle corresponden afonda na idea do declive clerical, tamén presente no ímpeto festivo con que se intenta introducir aos máis mozos neste cosmos obsoleto, a base de cánticos e coreografías irrisorias.

Corpo celeste significa para o espectador unha porta de entrada ao universo Rohrwacher: a directora asenta as bases da súa obra presentando temáticas e estratexias fílmicas que lle serviron como punto de partida para investigar sobre fondo e forma ao longo da súa filmografía. A súa obsesión polo folclore está presente desde o inicio: a fita enceta cunha celebración relixiosa que arrinca en plena noite, mostrando unha panorámica das xentes do pobo. Unha comunidade humilde que é analizada a través da familia protagonista, cuxa ausencia paterna acaba sinalándoa, en certo xeito, como fóra do común. Asistimos á irrupción da modernidade nunha teimuda sociedade que vive ancorada ao glorioso pasado católico, pero que a comezos do século XXI tende á ineludible transformación impulsada polas novas xeracións, cada vez máis alleas á fe espiritual.

A estética documental, infestada de planos secuencia, cunha persistente cámara en man próxima aos personaxes e a ausencia de luz artificial, marca fortemente o cinema de Rohrwacher, converténdose en discípula inevitable do Neorrealismo italiano. O seu interese polo sobrenatural tingué cada un dos seus traballos dun halo máxico próximo ao conto de fadas. A insistente procura do milagre en *Corpo celeste*, sostida polo fanatismo de Santa, non acaba dándose no espazo sacro: será a cola amputada dun lagarto o que pechará o filme dunha forma sinxela, situando a marabilla do fenómeno no ámbito terreal. Deste xeito, a autora subliña o carácter natural do extraordinario; o asombro ante o inexplicable ten lugar no noso mundo, e non necesariamente no máis aló. Marta acaba fuxindo da esperada celebración para penetrar nas profundidades escuras da auga prohibida, da que foi desterrada anteriormente por un dos fregueses. Ela, vestida de branco, foxe do adoutramento relixioso para darlle espazo ás súas propias preguntas, tomar as súas propias decisións e emprender esta nova etapa vital sentíndose libre, aínda que isto supoña ir en contra de todos.